# PLAN XERAL ANUAL 2023-2024 – DOCUMENTO Nº 1

| | OBXECTIVOS | MEDIDAS | TEMPORIZACIÓN | RECURSOS E RESPONSABLES |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Adaptar, renovar e coidar as instalacións convertendoas nunha contorna accesible e eficiente. | ● Reforma integral do centro financiada pola Consellería de Educación: melloras de eficiencia enerxética e de accesibilidade<br><br>● Organización dos espazos para o tempo que duren as obras que están licitadas por parte da Unidade Técnica.<br><br>● Substitución de mobiliario deteriorado (departamentos, biblioteca…)<br><br>● Promoción da participación do alumnado en decisións propias dentro do centro: elixir a música de aviso de entrada e saída ás sesións lectivas, organización de actividades complementarias, actuacións de mellora no patio.<br>● Estudo da posibilidade de recuperar a antiga pista de atletismo. | Curso 2023-2024 | Equipo directivo, persoal non docente, axentes externos (Concello, Xefatura Territorial, empresas externas), xunta de delegados/as. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | ● Adaptación de espazos que fomenten o uso de ferramentas dixitais. | | |
| 2 | Actualizar documentos organizativos do centro e informar as familias | ● Establecemento desde comezo de curso dun calendario para a actualización do Plan de Convivencia.<br>● Revisión do Plan dixital e do cumprimento das actuacións previstas no mesmo.<br><br>● Solicitude de achegas a todos os sectores da comunidade educativa.<br><br>● Información ás familias da súa redacción<br><br>● Actualización dos documentos na páxina web do centro. | Curso 2023-2024 | Equipo Directivo, Profesorado, CCP, Consello Escolar, Comisións encargadas da elaboración de cada documento, Equipo TIC. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3 | Potenciar a formación de profesorado, alumnado e familias das ferramentas tecnolóxicas necesarias para o ensino a distancia. | ● Fomento da participación do profesorado nos cursos de manexo de ferramentas dixitais<br>● Constitución, dentro do PFPP, dun seminario de traballo relacionado coa posta en marcha do plan dixital elaborado o curso pasado.<br>● Preparación do alumnado e as familias para o manexo das ferramentas dixitais. | Curso 2023-2024 | Equipo directivo, equipo TIC, Claustro, Participantes do PFPP, Alumnado, Familias |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4 | Planificar actividades complementarias e/ou extraescolares axeitadas. | ● Organización de mobilidades dentro do Programa Erasmus+ que desenvolve o centro.<br>● Establecemento de criterios de selección de actividades.<br>· Distribuír por departamentos as conmemoracións de celebración obrigada recollidas na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024.<br><br>● Deseño dunha liña dentro do PFPP para realizar actuacións relacionadas cos contratos-programa CP-Inclúe e CP-Innova.<br><br>● Participar en PLAMBE e Clubs de Lectura. **Participación do centro no programa "Voluntariado na biblioteca escolar"**<br>● Participar no Plan Proxecta Galicons.net<br>● Solicitar a acreditación Erasmus ao SEPIE. | Curso 2023-2024 | Xefatura de estudos, Departamento de actividades complementarias e extraescolares, EDLG, BIBLIOTECA, CCP, Claustro, Consello Escolar, Participantes no PFPP e no programa Erasmus, Departamentos involucrados nos proxectos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 5 | Reducir o índice de absentismo e abandono escolar | · Solicitar a participación na modalidade específica de Contratos-Programa e do PFPP.<br>● Continuar coa colaboración coa Fundación Secretariado Xitano (charlas presenciais no centro e colaboración na axuda pedagóxica)<br>● Establecer reunións periódicas coas familias desde Orientación, titorías e Xefatura de Estudos, para incidir no seguimento do alumnado absentista.<br>● Deseñar un protocolo de actuacións que facilite o labor aos titores no control do absentismo.<br>● Solicitar a intervención da UACO, pertencente a RAOGAL (Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia )<br>● Formar un seminario de traballo dentro do PFPP para realizar actuacións de mellora no relativo a convivencia, inclusión, igualdade e prevención do abandono temperá. | Curso 2023-2024 | Equipo Directivo, Orientación, Profesorado, Alumnado e Familias, Fundación Secretariado Xitano |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 6 | Crear espazos que favorezan a boa convivencia, a protección do medio e o respecto pola igualdade | • Desenvolver as actuacións previstas no Plan de Igualdade<br>• Continuar co programa Titoría entre iguais, para prevención do acoso escolar e impulsar a creación de grupos de apoio e mediación entre o alumnado.<br>• Levar a cabo ciclos restaurativos para a convivencia coordinado pola representante de UACO e Departamento de Orientación.<br>• Solicitar charlas e actividades para tratar temas relacionados coa igualdade entre sexos, a diversidade afectiva-sexual, a non discriminación, os riscos das novas tecnoloxías ou de certos hábitos de consumo, a través do Plan director de intervención en centros escolares (Corpo Nacional de Policía) ou doutras entidades como Asociación Arelas, a Unidade de prevención de drogodependencias de Ferrol (Asfedro), etc.<br>• Elaborar ou seleccionar dinámicas para o traballo nas titorías baixo a coordinación do Departamento de Orientación<br>• Continuar coa oferta de actividades a través dos Contratos-Programa (Innova-T, Inclúe-T)<br>• Desenvolvemento dos Proxectos Competenciais en 2º e en 3º ESO (Medio Ambiente)<br>• Reunións do equipo directivo coas familias e cos representantes da ANPA.<br>• Reunión (unha mensual como | Curso 2023-2024 | Xefatura de Estudos; Departamento de Orientación, Comisión de Convivencia, Xunta de Delegados/as, Titorías, ANPA, Claustro e UACO |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | mínimo) dos/das titores/as co xefe de Estudos e o Departamento de Orientación para programar actividades dentro das titorías e actuacións coas familias.<br>• Reunións dos/das titores/as coas familias de xeito conxunto (mínimo unha anual) e de xeito individual. Este ano o contacto poderá ser telefónico, por Abalar, aplicación; pero tamén poderá ser presencial. (mínimo dúas anuais) con rexistro de asistencia/comunicación telefónica.<br>· Xuntanzas de coordinación entre grupos docentes (mínimo dúas por trimestre).<br><br>· Modificación de xeito consensuado dos aspectos que se considere oportuno adaptar nos distintos protocolos de actuación e difusión das modificacións a través da páxina web.<br><br>· Fomentar a solidariedade do alumnado e das familias impulsando accións de colaboración con entidades sen ánimo de lucro (campañas recollida de roupa usada, doazóns á Cociña Económica co recadado na Feira do libro solidario...)<br><br>• Intervencións para a mellora de | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | determinados espazos no centro (preferentemente o patio escolar) con dinámicas planificadas nas titorías. Alén de organizar xogos para alumnado ANEE en colaboración de todo o alumnado. | | |
| 7 | Fomentar as inquietudes cara aos contidos STEAM e a mellora no ámbito científico-tecnolóxico | ● Dedicar a temática anual da biblioteca á Paisaxe.<br><br>● Deseñar o plan anual de lectura tendo en conta esta temática<br><br>● Dedicar a exposición anual da Biblioteca a esa temática.<br><br>● Continuar co obradoiro de Robótica e | Curso 2023-2024 | Equipo directivo, Equipo de Biblioteca, Equipo TIC, Profesorado do ámbito científico-tecnolóxico, Equipo Erasmus |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | coa participación en First Lego League.<br>● Participar no proxecto Erasmus: Upcycling, from bottom to top que vencella a temática científico-tecnolóxica coa artística.<br>● Solicitar de novo o Contrato-Programa de mellora do éxito escolar para acadar a excelencia<br>● Continuar co funcionamento das aulas E-dixgal en todos os cursos de ESO e coa Aula Virtual no resto de ensinanzas.<br>● Participar en actividades complementarias e, de ser posible extraescolares, relacionadas coas temáticas STEAM (Rutas Científicas, Artísticas e Literarias do MEFP; Digitalweek...) e, fundamentalmente, coa Ecoloxía.<br>• Traballar na liña de PFPP, Competencia didáctica, a través de Polos Creativos (curso sobre drons e intelixencia artificial) | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8 | Mellorar a competencia do alumnado en Linguas Estranxeiras | ● Desenvolver as Seccións Bilingües:<br>- Tecnoloxía e Dixitalización en Inglés en 1º ESO.<br>- Tecnoloxía en inglés en 2º ESO .<br>- Educación dixital en 3º ESO.<br>- Educación Física en inglés en 1º e 2º ESO.<br>- Literatura Universal en Francés en 1º BAC.<br><br>● Desenvolver o proxecto Erasmus concedido en colaboración con Polonia, Turquía, Grecia, Croacia e Portugal, socios cos que se desenvolverán, previsiblemente, dúas mobilidades este curso (a Turquía e Polonia) e recibir a visita dos países socios a final de curso .<br><br>● Desenvolver o proxecto E-twinning da mesma temática (Upcycling)<br><br>● Fomentar a participación en concursos e actividades relacionados coa aprendizaxe de idiomas (The Big Challenge…)<br><br>● Difundir as ensinanzas ofertadas pola Escola Oficial de Idiomas de Ferrol e informar das datas de matrícula. | Curso 2023-2024 | Profesorado das linguas estranxeiras, Profesorado CLIL, Departamento de Orientación, Departamento deActividades Complementarias e Extraescolares, Equipo Erasmus |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ● Difundir as convocatorias oficiais (English Weeks ou outras similares) que poida solicitar o alumnado a título individual.<br><br>● Desenvolver unha liña de actuación e un seminario de traballo dentro do PFPP relativo ás actividades de Internacionalización e fomentar a formación do profesorado en linguas estranxeiras.<br><br>• Poñer en marcha actuacións destinadas a solicitar novos proxectos Erasmus. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9 | Mellorar a atención do alumnado (tanto con necesidades de reforzo e dificultades de aprendizaxe como de altas capacidades) velando polo seu correcto desenvolvemento competencial. | • Continuar coa implantación das adaptacións curriculares e dos reforzos educativos coa axuda do Departamento de Orientación<br>• Manter o PDC en 3º de ESO e ofertar PDC de 4º ESO.<br>• Desdobrar 1º e 2º da ESO para traballar mellor co alumnado ENEAE.<br>• Solicitar o programa PROA, para reforzo en aula.<br>• Adoptar as medidas organizativas oportunas para posibilitar o reforzo dos alumnos/as exentos/as de 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º, continuando cos reforzos tanto en Linguas como en Matemáticas.<br>• Velar polo necesario cumprimento das normas de convivencia co fin de favorecer unha boa xestión de aula que permita aos docentes atender á diversidade. | Curso 2023-2024 | Departamento de Orientación, CCP, Claustro, Equipo Directivo |